

## **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE DECEMBRO DE 2016.**

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 16 de decembro, e extraordinaria e urxente do 19 de decembro

### ADMÓN. ELECTRÓNICA

- 2.- Proposta de aprobación do documento “Política de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. Expte. 6870/113.

### CONTRATACIÓN

- 3.- Clasificación de ofertas para a contratación dos servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos de Travesas e o Berbés. Expte. 14892/333.

### DEPORTES

- 4.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga (ALBORADA) para a exención do pago do prezo público pola utilización da piscina e ximnasio municipal de Teis para o desenvolvemento dun programa de actividade física dirixido a persoas con problemas de toxicomanía. Expte. 366/611.
- 5.- Proxecto de convenio de colaboración co Centro público IES A Guía pola utilización da instalación municipal do Complexo deportivo municipal de Travesas para impartir docencia das clases de ciclo superior en actividades físico deportivas. Expte. 384/611.

### EMPREGO

- 6.- Recoñecemento dos dereitos económicos pola asistencia a tribunais de selección de beneficiarios Vigo Emprega 2016-2ª quenda”. Expte. 13497/77.

### IGUALDADE

- 7.- Aboamento de cotas da Comunidade de propietarios da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co nº E-638-C-6. Expte. 7406/224.

### RECURSOS HUMANOS

- 8.- Dietas do órgano de selección da bolsa de emprego de oficiais pavimentadores/as por importe de 1839,90€. Expte. 27577/220.
- 9.- Dietas do órgano de selección de Inspector/a de Medio Ambiente (OEP 2010-2011) por importe de 694,56€. Expte. 27756/220.
- 10.- Abono incentivo á xubilación anticipada ao persoal municipal. Expte. 29089/220.
- 11.- Proposta de contratación en réxime laboral fixo con cargo a unha praza vacante de Oficial condutor (OEP 2010/2011). Expte. 29171/220.

### URBANISMO

- 12.- Modificación da relación de postos de traballo da Xerencia municipal de Urbanismo. Expte. 9120/407.
- 13.- Complemento de produtividade polos traballos de realización do novo Plan Xeral de Ordenación municipal. Expte. 9315/407.
- 14.- Complemento de produtividade aos administrativos de planeamento-xestión. Expte. 113/417.

### XESTIÓN MUNICIPAL

- 15.- Dar conta da resolución de data 18/11/16 de constitución do Grupo de Traballo Sectorial do Rexistro electrónico e Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade. Expte. 88/1102.
- 16.- Dar conta da resolución de data 16/12/16 de constitución do Grupo de Traballo Sectorial de Contratación electrónica. Expte. 88/1102.
- 17.- Dar conta da resolución do 27/12/16, de modificación da composición do Grupo de Traballo Sectorial de Rexistro electrónico. Expte. 88/1102.
- 18.- Rogos e preguntas.

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **30 de decembro de 2016, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSDG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez